



---

# “Historia dunha escultura”

**Marta Fierro Osorio**

**“Trato de recoller o que se perdeu, plasmando estas imaxes nas miñas esculturas.”**

Esto é o que me explicaba Florencio de Arboiro cando lle preguntei o que o levara a facer esta escultura.

Para el non foi inspiración, coma para a maioría dos artistas; foi máis unha necesidade,

unha necesidade de conservar e reflectir as experiencias dos nosos vellos.

Segundo Florencio, esta obra “representa a testemuña de algo que nunca se fixo, algo ó que nunca se lle adicou o tempo que merece, se cadra por considerar o oficio de afiador un oficio de pouco prestixio”.

Os costumes, oficios e profe-

sións do noso pasado pérdense, pero o seu recordo pode quedar máis vivo mediante labours coma esta.

**“-¿E vostede por onde afiaba? - Por todo o mundo, meu fillo; eu afiáballe por todo o mundo.”**

Cando chegaba a hora de se botar ó camiño, os primeiros afiadores cargaban coa súa




roda ó lombo por falta de medios de locomoción, aínda que aqueles con máis posibilidades permitíanse facelo nunha besta.

Eran “auténticos pelegríns”, pelegríns que, agora, ante a pregunta “¿e vostede por onde afiaba?”, contéstanche: “Por todo o mundo, meu fillo; eu afiáballe por todo o mundo”.

E gracias a estas peregrinaxes, este oficio de afiador é coñecido en todas as cidades, vilas e aldeas da nosa península, e incluso en moitos outros países.

Nas nosas mentes está a imaxe do afiador nas prazas e rúas dos pobos, afiando, paseando de acó para aló...; mais ninguén de nós, ou moi poucos, coñecemos todo o que

esa imaxe conlevaba: moreas de quilómetros andados e o esforzo que trae consigo facer ese percorrido cun fato de quilos enriba dos ombreiros.





Naquela época, case todos os gremios contaban cun importante número de aprendices, e o oficio de afiador era un deles. Así, saían dos seus pobos con un ou dous “mutilos”, que, moitas veces, cumprían un papel máis semellante ó de criado que ó de propiamente aprendiz. Incluso chegaban a conseguir pan para o afiador, cando as reservas das súas sacas se esgotaban.

Todas estas peculiaridades do oficio están perfectamente representadas e quedarán plasmadas por moito tempo nesta fermosa escultura. Escultura composta por unha combinación de bronce e madeira; materiais totalmente puros, sin aleación ningua. E non podería resultar de outra maneira vindo das mans de quen ven: un home profundamente arraigado á esta terra como é Florencio de Arboiro.

As bases sobre as que se apoian as súas figuras son simplemente tronquiños e raíces que atopa nas beiras dos nosos ríos, debidamente acondicionadas, mais, curiosamente non deixan de ser pura “RAIGAME”.


“A arte plástica pódela entender cunha simple ollada,” e cunha simple ollada percebes infinidade de cousas que, ata agora eran alleas a moitos de nós, e que gracias a esta importante laboura divulgati-

**“A arte plástica pódela entender cunha simple ollada”**



*Florencio de Arboiro coa súa escultura.*

va das nosas tradicións, quedarán nas nosas mentes, gravadas nestas imaxes estáticas imposibles de esquecer.



**FRANCISCO X. GÓMEZ CANO**

Ver Raigame nº1.